



## / O que fixemos... /

### **Festival Aniversario.**

Este ano comecei a ser parte de Tanxedoira e premiáronme coa oportunidade de presentar a gala do aniversario da asociación, con múltiples actuacións que levaron a cabo tanto membros da asociación como grupos convidados (Cantareiros do Naval e a Tuna de Veteranos).

Grazas a isto atopei un gran compañeiro, Manuel, que cos seus chistes e a súa gran desenvoltura animoume a coller máis confianza diante dos invitados.

Foi unha gala interesante para unha nova incorporación coma min, pois deume a coñecer todos os ámbitos culturais que abarca Tanxedoira. Así mesmo, foi moi emotivo ver canto traballo e dedicación hai en todos eles.

Como amante do baile, quero facer especial mención ao grupo "Cousa de Meigas", que non só animaron detrás de bambolinas, senón que deron un grande espectáculo.

Para acabarmos a festa, os membros da asociación e os seus convidados gozamos dunha cea ao grande como celebración, onde en ningún momento paramos de cantar, de rir e, sobre todo, de pasalo ben.

Animo a xente a que veña a comprobar o grande que se volveu esta asociación e a que se una tamén, para pasalo ben e para que se poida facer así aínda maior. 📌

**Nuria Valcarcel.**



*Presidenta e ex-presidentes antes de soprar as candelas*

### **Actuacións de Cousa de Meigas.**

Cousa de Meigas non parou un segundo este ano. Fagamos un breve resume do noso percorrido dende abril.

O venres 19 de abril estivemos bailando no **Centro de Día do Burgo**. Non era a primeira vez que íamos a este centro e, coma na pasada ocasión, tratáronnos de marabilla e puidemos facer un espectáculo moi resultón co gallo da Feira de Abril.



*Centro de día O Burgo.*

Esa mesma semana, o domingo 21 de abril, eu, a directora do grupo, participei por primeira vez no certame **Stars Dance Galicia en Ourense**. Alí debutei coma bailarina solista (un dos meus soños) e estreei a miña creación **Ancestros**, acadando un segundo premio na súa categoría. É unha peza na que homenaxeo ás miñas ancestras ás que non deixaron bailar, a pesares de ser o seu máximo desexo. Unha composición do antes (tradicional) e o despois (actual), mesturando música galega e africana, con troco de vestiario incluído no escenario.



*Stars Dance Galicia*

Unha semana despois, o domingo 28 de abril, o grupo ao completo participamos de novo no **Evento Internacional de Baile Vigo Porté**. Estreamos alí a nosa composición "Moulin Rouge", baseada no musical do mesmo nome e, tamén participei na categoría individual coa peza individual "Ancestros". Non corremos a mesma sorte ca en Ourense pero pasamos unha fin de semana cargadiña de emocións e vivencias (sempre nos quedará o tren 😊).



*Vigo Porté*

O 21 de maio, volvemos á **Residencia de Maiores de Oleiros** (aí xa somos coma da casa) para animar e partillar un pouco do noso tempo, alegría e danza, cos/coas maravillosos/as usuarios/as deste centro.



*Residencia de maiores de Oleiros*

E, volvendo aos concursos (este ano toleamos e fomos probar a todos os eventos que nos foron posibles ;)) o 25 de maio, participamos no **Concurso Maydance Narón**. Nesta ocasión levamos a nosa peza "A Moura" e "Ancestros". Non houbo premios neste certame pero pasámolo moi ben!



*Maydance Narón*

O xoves 30 de maio, fomos por primeira vez á **Residencia Concepción Arenal**, levando o noso espectáculo aos nosos maiores. Coma sempre nos pasa nestes centros, saímos coa alma cheiña vendo as súas caras de satisfacción.





*Residencia Concepción Arenal*

O domingo 2 de xuño, parte do grupo, participamos por primeira vez no **Concurso Dancing Galicia en Pontevedra**. Levamos unha nova versión adaptada de "A Moura" e "Ancestros". Acadando trofeo e medallas con "A Moura" na categoría Premium Fusión. O mellor foron as palabras e a valoración que nos adicou a presentadora, a marabillosa Huracán Bastida.



*Flashmob pola diversidade*

O 21 de xuño, fomos convidadas a bailar na tradicional romaría de San Xoan da **Residencia de Maiores de Oleiros**. Ataviadas cos nosos traxes de meigas bailamos na compañía do marabillosísimo Xilo, entre os sapos e as curuxas do Conxuro da Queimada, nun entorno ao aire libre marabillosísimo. Foi un evento precioso!



*Dancing Galicia*

O venres 7 de xuño, colaboramos por segundo ano consecutivo coa Asociación Poten100mos no seu **Flashmob dentro da programación do DiversidArte**. Pasámolo xenial creando a coreo e bailándoa na Marina con toda a xente que veu participar. Marabillosísimo e entrañable momento coma sempre!



*Romería de San Juan*

O domingo 30 de xuño, parte do grupo actuamos de novo, invitadas pola Asociación de Hogueras de San Juan da Coruña, dentro do **Ciclo de Danza Nocturna no Parrote**. Foi moi bonito, coma xa foi o ano pasado, actuar alí (a pesares de ter pouco público porque xogaba España. Difícil competir con iso, hehe!).




Actuación no Parrote

O 2 de xullo, catro de nós, fomos ata Ponferrada para participar por primeira vez no **Certame Más que Arte**. Foi un evento increíble, no que nos sentimos moi ben. Levamos nesta ocasión unha nova versión de "A Moura" (xa fora adaptada para 8 persoas, para 6 e, nesta ocasión, para 4), coa que acadamos un segundo posto na nosa categoría e "Ancestros", que tamén acadou un segundo posto. Unha experiencia marabillosa.



Certame Más que arte

E, finalmente, o 9 de xullo, só dúas de nós fomos participar ao **Concurso Move Dancing Championship en Redondela**. Levamos a nova versión de "A Moura", para dúas, e "Ancestros". Un evento moi satisfactorio a pesares de non obtermos premio nesta ocasión.



Move Dance Championship


Un ano cargadiño de eventos que supuxeron moito esforzo físico, emocional, de tempo e cartos...pero que creo valeu a pena! Grazas a toda a equipa de Cousa de Meigas pola vosa implicación sempre, pola vosa humildade, o voso empeño e por secundar sempre a miña tolemia natural pola danza!



*Rosa Rojo.*

## Certame Teatro Rosalía Mera.

Este ano, despois da pandemia, e por votación, decidimos presentarnos ao XXV Certame de Teatro da Deputación da Coruña que se celebra no I.E.S. Rosalía Mera coa Zarzuela "Los Claveles", con libreto de Luís Fernández de Sevilla e Anselmo C. Carreño, e con música do mestre José Serrano. Nós, iso si, representámola con música en Play-Back.

E prácenos dicirvos que tivo unha moi boa aceptación: conseguimos os risos e parabéns do público, que é o que o grupo pretende. E non só iso, senón que varios compoñentes da formación como Rosario Barros, Manolo Rama, Pilar Fernández, Enrique Vela e Ovidio Rojo foron nomeados como mellores actores e actrices. Certamente, todo isto nos deu moitos azos para seguir co labor e volver outro ano. 

*Jesús García.*





Foto do grupo de teatro ao rematar a súa actuación

## Certame Teatro Hogueras de San Juan.

Como moitos anos, o grupo de Teatro Tanxedoira participou coa Zarzuela “Los Claveles” no Centro Cívico dos Maios colaborando coa Comisión Promotora das Fogueiras de San Xoán e conseguir encher, coma case sempre, o teatro e arrincou outra vez sorrisos, aplausos e felicitacións por parte do público asistente.

Esta vez abrimos as Xornadas de Teatro de Fogueiras e recibimos un galardón pola nosa participación, quedando emprazados para outro ano



**Jesús García.**



Foto dun momento da actuación


## Gigantes y Cabezudos.

O sábado día 15 de xuño o grupo de Teatro Tanxedoira en colaboración coa Rondalla e Coro da Casa de Aragón, representaron a Zarzuela “Xigantes e Cabezudos” no escenario do Fórum Metropolitano. Esta Zarzuela consta dun acto e tres cadros, con libreto de Miguel Echegaray e Eizaguirre e música do mestre Manuel Fernández.

Tivemos moitas axudas, entre elas: Elena e Eladio bailaron a xota, Tamara Riestra elaborou as caras dos Xigantes e Cabezudos, a Rondalla e Coro da Casa de Aragón deleitáronnos coa súa música. Ticemos de todo: persoal de Atrezzo, Vestiario, Escenografía, Música, Luces e un longo etcétera.

Para que saibades un pouquiño de que trata a obra: a trama desenvólvese en Aragón ao redor do amor dos personaxes principais, Pilar e Jesús. Jesús marchou á guerra e Pilar, guapa aragonesa ten enfeitizado a un sarxento e parte do pobo. Ela animada polas mulleres do mercado, plántalle cara ao Sarxento.

Cando Jesús volve da guerra, busca a Pilar para comezar a súa vida xuntos, pero son enganados polo sarxento, que pretende casar con Pilar. A continuación sucédense unha serie de enredos ata que por fin logran encontrarse nas Festas do Pilar.

O grupo de Teatro Tanxedoira volveu encher un día mais o aforo do Teatro do Fórum Metropolitano, así como recoller sorrisos, aplausos e moitas felicitacións. 

**Jesús García.**



Foto de todos os participantes ao rematar a actuación.

## Festival fin de curso.

Este ano a miña compañeira Alejandra e mais eu recibimos o encargo de presentar a derradeira gala de Tanxedoira, onde cada un dos grupos levou a cabo unha pequena mostra do seu traballo e aprendizaxe ao longo do curso. Posto que a oferta de actividades é moi ampla resulta difícil resumir con brevidade o abano de actuacións e demostracións dos que desfrutamos.

Comezaron o acto as representantes do grupo de baile, tanto as que practican semanalmente baile fitness, como as integrantes do grupo Cousa de

Meigas, polo que o bo ánimo estaba asegurado a partir dese instante.

Houbo, así mesmo diversas actuacións musicais: desde o grupo de acordeón, moi familiarizado xa co seu instrumento, ata o grupo de guitarra, acompañado por Iris Gey e Raúl Muñoz, que está integrado tanto por persoas que están comezando (como é o caso do meu marido e filla) coma por alumnado cun maior dominio do instrumento.

Cómpre sinalarmos a actuación das pandereteiras que acompañadas da gaita deron todo un recital de música tradicional, quizais unha das miñas favoritas.

A rondalla, pola súa parte, ofreceunos diversas pezas do seu repertorio e o coro, aínda que está a comezar a súa andaina, cantou para nós diversas composicións.

Máis aló do eido musical, puidemos presenciar un pequeno anaco da zarzuela que o grupo de teatro vén de representar recentemente e un mini desfile das integrantes do grupo de patronaxe, entre as que me conto, para dar mostra das nosas creacións e contribuír ao espectáculo.

Non podemos esquecer o agradecemento que houbo aos monitores, eixe principal desta entidade, que ofrecen o seu tempo e coñecemento de forma completamente altruísta.

En resumo, foi un espectáculo moi agradable que pon de manifesto o bo traballo e paciencia dos nosos “profes” voluntarios e o compromiso e entusiasmo de todos os que formamos parte da experiencia..

**Iria Martín.**



Foto do alumnado de guitarra antes de comezar a súa actuación.

## Sardiñada.

O día 29 de xuño tivemos a nosa sardiñada-churrascada habitual. Iso si, neste caso o nome

composto non se debe a que queimasen as sardiñas, o motivo é que chegou o día e... sardiñas na lonxa... non había. Mais como xa sabemos que en Tanxedoira o importante é a xuntanza, trocamos o peixe por carne, engadimos empanada e tortilla e... a pasar o día todos xuntiños na Casa Felpeto.

Os doces, moi ricos tamén; algúns caseiros e outros mercados. E, por suposto, non podía faltar a música: guitarras, pandeiretas, acordeón... Os únicos que faltaron foron algúns que quedaron na casa con covid e non puideron vir. Unha mágoa, mais para a próxima;

Despois dunha comida e sobremesa maravillosas, con cantos, contos e pistoliñas de auga incluídas, decidimos quedar para cear os restos. E aínda quedou para a excursión do día seguinte;

Moi agradecida aos organizadores e donos da casa Felpeto por este día en familia. Sempre para repetir.

**Patricia Matilla.**



Os asistentes durante a comida

## Excursión fin de curso.

Para despedirmos o curso 2023-2024 en Tanxedoira como se debe, o día 30 de xuño fomos de excursión á mariña oriental, concretamente a Ribadeo. Unha vez alí, no porto, ascendemos polo ascensor panorámico para avistar a súa ría e a veciña Asturias, podendo ver Castropol e mais Vegadeo. Xa na cidade, subimos o casco antigo cara ao concello. Xunto a el, encontramos a torre dos Moreno, que, aínda que en restauración, resulta impresionante. É, ao respecto, un dos exemplos de casas de indianos, moi numerosas en Ribadeo, por certo. Grazas aos Indianos a localidade prosperou



enormemente debido ás innovacións que trouxeron en arquitectura, de modo que... bravo por eles;


Alén disto, visitamos a igrexa de Santa María do Campo xusto antes de empezar a misa, para logo percorrer un pouco máis as rúas da cidade e perdernos nos seus encantos.

A continuación dirixímonos cara ao antigo cargadero da Pontenova, utilizado desde o final do século XIX ata os anos sesenta para aprovisionar barcos de carbón chegados das próximas minas de Vilaodriz.

De alí pasamos a illa Pancha, onde conviven o antigo faro (convertido en dous apartamentos) e o novo, ademais dunha terraza marabillosa construída para o deleite dos turistas, que poden tomar algo para repor forzas.

Xa máis preto de Rinlo, iso foi o que fixemos precisamente, repormos forzas comendo e tocar unhas cancións na área recreativa, para ir despois á vila e a próxima cetaria, a primeira de España en construírse nunha paraxe natural; nela criáronse centolas, nécoras, lagostas, lumbrigantes, camaróns e bois de mar.

Máis tarde, entre Ortigueira e cabo Ortegá, fixemos unha visita aos cantís de Loiba, que se poden divisar desde o recoñecido como “o mellor banco do mundo”. O camiño polo que discorren os cantís coñécese como “o roteiro das algas”.

Por último, de volta xa cara a Coruña, paramos en Ortigueira, lugar obrigado. E, como non, para comprobardes todas estas marabillas naturais polas que pasamos, só tedes que consultar as fotos penduradas na web da asociación. 

**Enrique Vela.**



Un selfie feito durante a excursión.

## /O que faremos.../

### Preinscrición novo curso.

O novo curso 2024-2025 contará coas seguintes actividades:

- **Acordeón:** clases para aprender a tocar o acordeón.
  - Horario: luns 17:30 a 19:00
- **Frauta:** clases para aprender a tocar este instrumento
  - Horario: luns de 19:15 a 20:15
- **Informática básica:** clases para aprender a manexar ou mellorar as habilidades coas novas tecnoloxías.
  - Horario: luns 19:00 a 20:00 (pendente localización)
- **Teatro:** grupo representativo da Asociación, composto por actores e actrices amateur con ánimo de pasalo ben e deixar as vergoñas na casa facendo diferentes obras de teatro pola nosa xeografía.
  - Horario: martes 19:30 a 21:30
- **Baile fitness:** clases para facer exercicio bailando cancións coreografiadas.
  - Horario: mércores de 19:00 a 20:00 (pendente de confirmar horario)
- **Pandeireta:** aprender a tocar este típico instrumento do noso folckore
  - Horario: mércores de 20:00 a 21:00
- **Patronaxe:** aprender a arranxar por ti mesmo a roupa e mesmo crear o teu propio vestiario.
  - Horario: xoves de 19:30 a 21:30
- **Guitarra:** clases para aprender a tocar a guitarra española.
  - Horario: venres de 16:00 a 18:00
- **Bandurra/linguaxe musical:** clases para aprender a manexar este instrumento ao mesmo tempo que se aprende linguaxe musical.
  - Horario: venres de 18:00 a 19:00
- **Coro:** grupo representativo da Asociación, composto por coralistas que interpretan unha gran variedade de estilos musicais.
  - Horario: venres 19:00 a 20:30

- **Rondalla:** grupo representativo da Asociación, interpreta unha gran variedade de estilos musicais por medio de frautas, guitarras, bandurras, laúdes e percusión.
  - Horario: venres 20:30 a 22:00

## Comezo das actividades.

As actividades darán comezo na semana do **luns 30 de setembro ao venres 4 de outubro** 📅

*Tanxedoira.*

Canto ás datas de inscrición, contaremos, por unha banda, cunha opción de inscrición telemática para a xente que xa é socia da entidade. Esta opción “online” será **desde o mércores 4 setembro ao xoves 5**, ambos inclusive. Poderedes contactar connosco a través de Whatsapp, Telegram (@ACTXD), teléfono móbil (611052456) ou correo electrónico (actanxedoira@tanxedoira.org). É importante que na vosa solicitude expoñades o voso nome, apelidos, actividades que son do voso interese e un teléfono de contacto.

Por outra banda, as persoas que aínda non son socias, poderán vir ao local o **venres 6** en horario de 18:30 h a 20:00 h e, dende o comezo do curso, no horario de atención ao socio. Todas aquelas persoas que aínda non sexan socias deberán cumprimentar a ficha de inscrición, facilitar unha foto tipo carné e un número de conta en que domiciliar a cota de socia/o (30€ anuais / núcleo familiar).

No caso das actividades como guitarra, patronaxe, pandeireta ou baile, pode ser que por necesidades de aforo, haxa límite de persoas.

O **domingo 8 de setembro** publicarase na nosa web a listaxe de persoas admitidas. Esta listaxe poderase consultar tamén de xeito presencial no noso local. 📅

*Tanxedoira.*

## Asemblea ordinaria.

Leticia Riestra Ainsua, presidenta da Asociación Cultural Tanxedoira, coas atribucións e facultades descritas nos Estatutos da Asociación, convoca a todos/as os/as socios/as a Asemblea Xeral Ordinaria, que se celebrará o **venres día 6 de setembro** ás 20:00 horas en primeira convocatoria e 20:30 horas en segunda, no local social da Asociación, sito na R/ Azahar 6-8, 1º Esqda.

Coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta anterior.
2. Lectura e aprobación das contas do curso 2023/2024.
3. Resumo das actividades feitas ao longo do curso 2023/2024.
4. Resumo das actividades a facer durante o curso 2024/2025
5. Rogos e preguntas. 📅

*Tanxedoira.*

## Paso de cuotas.

O **luns 30 de setembro** pasaremos a cota por banco, como ben sendo habitual.

Para todos aqueles socios e socias que se queiran dar de baixa, poden enviar un correo electrónico a actanxedoira@gmail.com indicando o seu nome, apelidos e dni indicando que se queren dar de baixa antes da devandita data.

Pedimos, por favor, que se faga antes do paso de cotas, porque no caso de devolución de recibos, a entidade ten que pagar 3 euros por cada devolución.

Grazas a todos pola vosa comprensión. 📅

*Tanxedoira.*

## Limpeza do local.

Para termos ben limpo e decente o local para o comezo das actividades, precisamos da vosa axuda e colaboración.

Así, o **sábado 7 de setembro** desde as 10:30 ata ás 14:00 necesitamos de vós para virdes ao local e deixalo limpo (varrer, fregar, limpar po e cristais, ordenar o local).

Podedes escribir unha mensaxe ao teléfono da asociación para sabermos con cantos de vós contamos.

Despois, para o resto do ano, haberá un calendario de quendas de limpeza para cada unha das actividades. Lembraide que a limpeza do local corre a cargo dos participantes das diferentes actividades.

Grazas pola axuda e colaboración. 📅

*Tanxedoira.*

## Comida “de traje” de principio de curso

O **sábado 19 de outubro ás 14:00** terá lugar a xa tradicional comida de inicio de curso, a nosa comida máis elegante, de gala, “de traje”: yo “traje” tortilla, yo “traje” ensaladilla...



Teredes no noso local unha listaxe para que vaiades anotando a vosa aportación. Só se precisan comida e sobremesas, xa que a bebida e o café corre por conta de Tanxedoira. Esperamos que vos animedes a vir e animedes a todos os novos socios que teñades nas vosas actividades, posto que é unha estupenda forma de nos coñecer. 📌

*Tanxedoira.*

## / A destacar.../

### Despedida de Rosa Rojo

Queremos ter un agradecemento especial a Rosa Rojo que, por motivos de conciliación familiar, precisa deixar de ser monitora de baile da asociación.

Todos estes anos que nos dedicou de forma completamente altruísta e desinteresada deixan unha pegada especial na historia da nosa asociación.

Moitas grazas, Rosa, por ser como es. Botarémoste en falta. 📌

*Tanxedoira.*



*Rosa desfilando en entroido*

## Despedida de Cousa de Meigas

Lamentamos comunicarvos que o grupo de baile "Cousa de Meigas", que tantas alegrías nos trouxo á nosa asociación, tivo que tomar a triste decisión de se desvincular para poder acadar mellor os seus soños e obxectivos. Botarémovos infinitamente de menos a todas e desde a asociación desexámosvos toda a sorte do mundo. 📌

*Tanxedoira.*



*As chicas de Cousa de Meigas na actuación de Vigo Portè*

## Axenda

📌 Mércores 4 e Xoves 5 de setembro.

**PREINSCRIPCIÓN TELEMÁTICA.-** Para antigos socios

📌 Venres 6 de setembro / 18:30 – 20:00

**PREINSCRIPCIÓN PRESENCIAL.-** Para novos socios no local social.

📌 Venres 6 de setembro / 20:00.

**ASEMBLEA XERAL ORDINARIA.-** No local social (20:00 en primeira convocatoria e 20:30 en segunda).

📅 Sábado 7 de setembro

**LIMPEZA LOCAL.**- Limpeza do noso local social.

📅 Luns 30 de setembro

**CUOTAS E ACTIVIDADES.**- Paso das cuotas e comezo das actividades.

📅 Xoves 10 de outubro / 20:00.

**TEATRO.**- Representación do grupo de teatro no Forum Metropolitano coa zarzuela “Gigantes y cabezudos”.

📅 Sábado 19 de outubro / 14:00.

**COMIDA.**- Comida “de traje” de inicio de curso no noso local social.

📅 Sábado 21 de decembro / Pendente lugar e hora.

**FESTIVAL DE NADAL.**- Aínda por determinar localización e hora.

## / Non perdas.../ Lotería de Nadal.

Non esquezades de comprar o noso número deste ano!

É o 06903

Publicación  
subvencionada pola  
Deputación da Coruña.

